

4. Dentro do número 3 «Dimensións máximas autorizadas aos vehículos para poderen circular, incluída a carga», no punto 3.2.2, incorpórase a continuación un novo punto 3.2.2 bis co seguinte contido:

«3.2.2 bis. Outros requisitos aplicables aos autobuses:

Cando o vehículo estea parado, determinará, trazando unha recta no chan, un plano vertical tanxente respecto do costado do vehículo orientado cara ao exterior do círculo. No caso dun autobús articulado, as dúas partes rixidas deberán aliñarse co dito plano.

Cando, ao manobrar en liña recta, o autobús entre na superficie circular descrita no punto 3.2.2, ningunha parte del excederá en máis de 0,60 m ese plano vertical.»

Segundo. *Autobuses matriculados antes da entrada en vigor desta orde.*—Os autobuses matriculados antes da entrada en vigor desta orde poderán circular ata o 31 de decembro de 2020.

Terceiro. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 13 de outubro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmos. Sres. Ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio.

17701 REAL DECRETO 1975/2004, do 1 de outubro, polo que se modifica a regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo. («BOE» 249, do 15-10-2004.)

A regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo, modificada por última vez mediante o Real decreto 1202/2002, do 20 de novembro, inclúe os «grisinos» entre os pans especiais enumerados no seu artigo 7.11.

Porén, a denominación «grisinos» foi usada en España soamente como marca dun produto concreto e está rexistrada desde 1947 co número 0205311, segundo resulta dos datos rexistrados da Oficina Española de Patentes e Marcas. Por iso, débese modificar a citada regulamentación técnico-sanitaria, de modo que o termo «grisinos» non sexa utilizado como denominación xenérica dun tipo de pan especial.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Por outra parte, na súa tramitación foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos sectores afectados. Así mesmo, emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de outubro de 2004,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Modificación da regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais.*

Modifícase o número 11 do artigo 7 da regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, circulación e comercio do pan e pans especiais, aprobada polo Real decreto 1137/1984, do 28 de marzo, que queda redactado do seguinte modo:

«7.11 Por razóns dos seus ingredientes adicionais, ademais da súa forma externa ou o procedemento da súa elaboración son tamén pans especiais os seguintes: “pan biscoitado”, “pan doce”, “pan de froitas”, “pauciños”, “bastóns”, “pan ácimo” e outros.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

17702 REAL DECRETO 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano. («BOE» 249, do 15-10-2004.)

A normativa comunitaria reguladora dos requisitos de sanidade animal exixibles no que se refire aos produtos de orixe animal destinados a consumo humano, incluída a súa importación, foi profundamente modificada mediante a Directiva 2002/99/CE do Consello, do 16 de decembro de 2002, pola que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, a fin de, principalmente, harmonizar as diversas disposicións xerais, establecer procedementos que impidan a introdución ou propagación de epizootias na Unión Europea e prever a organización de auditorías e inspeccións comunitarias para garantir a aplicación uniforme das disposicións de sanidade animal.

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento a citada Directiva 2002/99/CE.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados, e ao informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e do Ministerio de Administracións Públicas.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10. e 16. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de outubro de 2004,

DISPÓN O :

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as normas zosanitarias, de carácter xeral, polas que se regulan todas as fases da produción, transformación e distribución, de aplicación en todo o territorio nacional, dos produtos de orixe animal e dos produtos obtidos a partir deles, destinados ao consumo humano, así como para a súa introdución desde países terceiros.

2. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo da aplicación do disposto no Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, relativo aos controis veterinarios aplicables nos intercambios intracomunitarios dos produtos de orixe animal; no Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, e nas normas enumeradas no anexo I.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos deste real decreto, serán aplicables, na medida en que resulte necesario, as definicións do Regulamento (CE) n. 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro. Ademais, serán aplicables as seguintes definicións:

a) Todas as fases de produción, transformación e distribución: calquera fase, desde a produción primaria dun produto de orixe animal, inclusive, ata o seu almacenamento, transporte, venda ou subministración ao consumidor final, inclusive.

b) Introducción: a entrada de mercadorías nun territorio dos mencionados no anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, para a súa comercialización de acordo cos procedementos do Código aduaneiro comunitario de despacho a libre práctica, tránsito, depósito aduaneiro, perfeccionamento activo, transformación baixo control aduaneiro e importación temporal.

c) Autoridade competente: os ministerios de Sanidade e Consumo e de Agricultura, Pesca e Alimentación, respecto dos intercambios con países terceiros, e os órganos competentes das comunidades autónomas no resto de supostos.

d) Produtos de orixe animal: os produtos obtidos a partir de animais, así como os produtos obtidos deles, destinados ao consumo humano, incluídos os animais vivos, cando estean preparados para este uso.

Artigo 3. Requisitos zosanitarios xerais.

1. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias, de conformidade co disposto neste artigo, para garantir que os axentes económicos do sector alimentario, en todas as fases da produción, transformación e distribución de produtos de orixe animal, non provoquen a propagación de enfermidades transmisibles aos animais.

2. Os produtos de orixe animal deberanse obter de animais que cumpran as condicións de sanidade animal establecidas na normativa aplicable.

3. Os produtos de orixe animal obteranse de animais:

a) Que non procedan de explotacións, establecementos, territorios ou partes de territorios sometidos a restricións zosanitarias aplicables aos animais e produtos de que se trate, de acordo coas normas contidas no anexo I.

b) Que, no caso da carne, dos produtos cárnicos, da carne picada e dos preparados de carne, os animais dos cales se obteñan non fosen sacrificados nun matadoiro no cal, no momento do sacrificio ou do proceso de produción, houbese animais infectados ou sospeitosos de estaren infectados con algunha das enfermidades ás cales se aplican as normas a que se refire a alínea a), ou canais ou partes de canais de tales animais, salvo que a citada sospeita se elimínase.

c) Que, no caso de animais e produtos da acuicultura, cumpran o disposto no Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura.

Artigo 4. Excepcións.

1. Non obstante o disposto no artigo 3, e sempre que se cumpran as medidas de control das enfermidades mencionadas no anexo I, as autoridades competentes poderán autorizar a produción, transformación e distribución de produtos de orixe animal procedentes de territorios ou partes de territorios sometidos a restricións zosanitarias, pero que non procedan de explotacións infectadas ou que se sospeite que estean infectadas, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que os produtos, antes de que se sometan ao tratamento a que se refire a alínea c), se obteñan, manipulen, transporten e almacenen, ben de forma separada, ben nun momento diferente, daqueles produtos que si cumpran todas as condicións zosanitarias. Así mesmo, as condicións de transporte fóra do territorio suxeito a restricións zosanitarias deberán ter sido aprobadas pola autoridade competente.

b) Que os produtos que se deban someter a tratamento se identifiquen convenientemente.

c) Que os produtos sexan sometidos a un tratamento que abonde para eliminar o problema zosanitario de que se trate.

d) Que o tratamento se aplique nun establecemento autorizado para ese fin pola autoridade competente ou, se é o caso, polo Estado membro, onde se presente o problema zosanitario.

O disposto neste punto aplicarase de conformidade co anexo II e número 1 do anexo III, ou coas disposicións que poida adoptar para o efecto a Comisión Europea.

2. A produción, a transformación e a distribución de produtos da acuicultura que non cumpran as condicións establecidas no artigo 3 autorizaranse sempre que se cumpran as condicións establecidas no Real decreto

1882/1994, do 16 de setembro, e, cando sexa necesario, de acordo coas condicións suplementarias que estableza para o efecto a Comisión Europea.

3. Serán de aplicación, así mesmo:

a) As excepcións ao disposto no artigo 3 que adopte a Comisión Europea en determinados supostos, cando a situación sanitaria o permita.

b) As medidas necesarias que adopte, nestes supostos, a Comisión Europea, para garantir a debida protección sanitaria dos animais.

Artigo 5. Certificados veterinarios.

1. As autoridades competentes garantirán que os produtos de orixe animal destinados ao consumo humano se sometan a certificación veterinaria nos seguintes supostos:

a) Cando as medidas adoptadas por razóns de sanidade animal de acordo co disposto no artigo 9 do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, exixan que os produtos de orixe animal deban ir acompañados dun certificado sanitario.

b) Cando se concedese unha excepción de acordo co artigo 4.3.

2. Serán de aplicación, así mesmo, as modalidades de aplicación, e en particular un modelo para o citado certificado, que estableza a Comisión Europea. Os certificados poderán incluír detalles necesarios de acordo con outra normativa comunitaria sobre sanidade animal e saúde pública.

Artigo 6. Controis comunitarios.

1. Cando se leven a cabo controis, incluídas auditorías, por parte dos expertos da Comisión Europea, representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, se é o caso, do Ministerio de Sanidade e Consumo acompañarán os representantes da autoridade competente.

2. Cando se realicen estes controis, os órganos competentes das comunidades autónomas e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, se é o caso, do Ministerio de Sanidade e Consumo deberán prestar aos expertos da Comisión Europea toda a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións.

3. En caso de que, durante a realización dunha auditoría ou inspección da Comisión Europea, se comprobe a existencia dun risco grave para a sanidade animal, a autoridade competente tomará inmediatamente todas as medidas necesarias para a salvagarda desta. De non tomarse tales medidas, ou se a Comisión Europea considera que estas son insuficientes, deberá aplicarse o que para o efecto adopte este órgano para salvagardar a sanidade animal.

Artigo 7. Importacións.

1. A autoridade competente adoptará as medidas necesarias para garantir que os produtos de orixe animal destinados ao consumo humano procedentes de países terceiros se introduzan no territorio nacional, unicamente se cumpren as disposicións dos artigos 3 a 6, aplicables a todas as fases da produción, transformación e distribución destes produtos, ou ofrecen garantías zoonosanitarias equivalentes.

2. Co fin de garantir o cumprimento das obrigas xerais establecidas no número anterior, deberán terse en conta, de conformidade coa normativa aprobada pola Comisión Europea:

a) As listas dos países terceiros ou partes de países terceiros respecto dos cales estean permitidas as impor-

tacións de determinados produtos de orixe animal. Estas listas serán actualizadas pola Comisión Europea periodicamente, para a súa posta á disposición do público. Estas listas poderanse combinar con outras listas elaboradas con fins de saúde pública e sanidade animal e incluír tamén modelos de certificados sanitarios.

b) As normas relativas á procedencia dos produtos de orixe animal e dos animais dos cales estes fosen obtidos.

c) As condicións especiais de importación para cada país terceiro ou grupo de países terceiros.

Así mesmo, deberá seguirse o disposto pola Comisión Europea sobre disposicións de aplicación do artigo 8 da Directiva 2002/99/CE do Consello, do 16 de decembro de 2002, os criterios para clasificar os países terceiros e partes deles con respecto ás enfermidades animais, e as normas específicas relativas aos tipos de introdución ou aos produtos concretos, como a introdución polos viaxeiros ou a introdución de mostras comerciais.

Artigo 8. Documentos para a importación.

1. Os envíos de produtos de orixe animal procedentes de países terceiros presentaranse, no momento da súa entrada en España, cun certificado veterinario que cumpra os principios establecidos no anexo IV.

2. O certificado veterinario dará fe de que os produtos:

a) Cumpren os requisitos establecidos para eses produtos neste real decreto e na normativa comunitaria aplicable na cal se establecen os requisitos de saúde animal ou disposicións equivalentes aos ditos requisitos.

b) Cumpren todos os requisitos especiais para a importación establecidos pola Comisión Europea.

3. Os documentos poderán incluír detalles exixidos por outras normas comunitarias sobre cuestións de saúde pública e zoonosanitaria.

4. Serán de aplicación os modelos de documentos, así como as normas e a certificación para o tránsito, que estableza a Comisión Europea. Así mesmo, poderanse utilizar documentos electrónicos cando a Comisión Europea así o autorice.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

1. En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

2. As sancións que se impoñan serán, en todo caso, independentes das medidas de policía sanitaria que poidan adoptar as autoridades competentes en defensa da sanidade animal ou da saúde pública, de acordo coa normativa vixente.

Disposición transitoria primeira. Controis veterinarios oficiais.

1. Ata a data de aplicación do Regulamento (CE) n. 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, e do Regulamento (CE) n. 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, as autoridades competentes velarán por que se leven a cabo

os controis oficiais de sanidade animal para garantir o cumprimento do disposto neste real decreto, das disposicións de aplicación que aprobe a Comisión Europea e das medidas de salvagarda que se apliquen aos produtos de orixe animal. Como norma xeral, as inspeccións deberán efectuarse sen aviso previo e os controis realizaranse tal como se establece no Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro.

2. Así mesmo, e mentres sexan aplicables os citados regulamentos, cando se comprobe que se infrinxiron as normas zosanitarias, as autoridades competentes adaptarán as medidas necesarias para remediar a situación, de conformidade co disposto no Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro.

Disposición transitoria segunda. Subsistencia de normas.

Sen prexuízo do previsto na disposición derogatoria única, as normas de desenvolvemento ou aplicación adoptadas sobre a base das disposicións a que aquela se refire seguirán en vigor ata que se aprobe normativa comunitaria específica, en canto non se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, e especificamente:

a) Os números 2 e 4 do artigo 3, salvo no que se refire á parálise contaxiosa porcina (enfermidade de Teschen), a brucelose ovina e caprina e o carbuncho bacteriano, os artigos 5 e 6, os números 2 e 3 do artigo 10, salvo no que se refire á parálise contaxiosa porcina (enfermidade de Teschen), os artigos 11 e 12 e o anexo do Real decreto 110/1990, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal que deben reunir as carnes frescas destinadas ao comercio intracomunitario e importadas de países terceiros.

b) O artigo 4, os números 1 e 2 do artigo 5 e os artigos 11 e 12 do Real decreto 1066/1990, do 27 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal que deben reunir os produtos cárnicos destinados ao comercio intracomunitario e importados de países terceiros.

c) A alínea b).2. e as alíneas c) e d) do número 1 do artigo 3, os artigos 4 e 5, os números 1 e 2 do artigo 9 e os artigos 10 e 11 do Real decreto 746/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

d) A alínea b) do número 1 do artigo 3, a alínea a) do número 1 do artigo 6 e o número 6 do artigo 15 do Real decreto 1543/1994, do 8 de xullo, polo que se establecen os requisitos sanitarios e de policía sanitaria aplicables á produción e á comercialización de carne de coello doméstico e de caza de granxa.

e) Os números 3 e 4 do artigo 4 e o número 2 do artigo 13 do Real decreto 2044/1994, do 14 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias e de sanidade animal aplicables ao sacrificio de animais de caza silvestre e á produción e comercialización das súas carnes.

f) O número 5 do capítulo 1 do anexo A do Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

g) O último parágrafo do número 1 do artigo 3, salvo no que respecta ao envío de carnes picadas a outros Estados membros, tras ter transitado por un país terceiro, e a alínea a) do número 1 do artigo 12 do Real

decreto 1916/1997, do 19 de decembro, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e á comercialización de carne picada e preparados de carne.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16. da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. Exceptúase do anterior a regulación relativa aos intercambios con países terceiros, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.10. e 16., primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior e sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento e modificación.

1. Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificar, no ámbito das súas competencias, o contido dos anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor transcorrido un mes desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 2004.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Enfermidades relevantes nos intercambios comerciais de produtos de orixe animal fronte ás cales se estableceron medidas de control en virtude da normativa comunitaria

a) Peste porcina clásica: Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica.

b) Peste porcina africana: Real decreto 546/2003, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións específicas de loita contra a peste porcina africana.

c) Febre aftosa: Real decreto 2223/1993, do 17 de decembro, polo que se establecen as medidas de loita contra a febre aftosa e as de sanidade animal nos intercambios intracomunitarios e importacións de animais das especies de bovino, porcino, de carnes frescas ou de produtos a base de carnes procedentes de países terceiros.

d) Influenza aviar: Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas de loita contra a influenza aviar.

e) Enfermidade de Newcastle: Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas de loita contra a enfermidade de Newcastle.

f) Peste bovina, peste dos pequenos ruminantes e enfermidade vesicular porcina: Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.

g) Enfermidades da acuicultura: Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura; Real decreto 1488/1994, do 1 de xullo, polo que se establecen medidas mínimas de loita contra determinadas enfermidades dos peixes, e Real decreto 1043/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas comunitarias mínimas necesarias para o control de determinadas enfermidades dos moluscos bivalvos.

ANEXO II

Selo especial de identificación para a carne procedente de territorios ou partes de territorios que non cumpran todas as condicións zosanitarias correspondentes

1. O selo de inspección veterinaria destinado á carne deberá quedar atravesado por unha cruz diagonal formada por dúas liñas rectas que se crucen no centro do selo e permitan que as indicacións sigan sendo lexibles.

2. As marcas mencionadas no número 1 poderán tamén realizarse cun único selo, que terá forma ovalada e 6,5 cm de longo por 4,5 cm de largo. Nel deberá aparecer

a seguinte información en caracteres perfectamente lexibles:

a) Na parte superior, o nome ou código ISO do Estado membro, en letras maiúsculas: AT, BE, DE, DK, ES, FI, FR, GR, IE, IT, LU, NL, PT, SE e UK.

b) No centro, o número de rexistro sanitario do matadoiro.

c) Na parte inferior, un dos grupos de iniciais seguintes: CE, EC, EF, EG, EK ou EY.

d) Dúas liñas rectas que se crucen no centro do selo, de modo que a información siga sendo claramente visible.

As letras terán un tamaño de 0,8 cm como mínimo, e as cifras, un tamaño de 1 cm como mínimo.

O selo deberá levar así mesmo información que permita a identificación do veterinario que inspeccione a carne, de acordo coas instrucións ou normativa que para o efecto dite o órgano competente da comunidade autónoma de que se trate.

O selo deberase aplicar baixo a supervisión directa do veterinario oficial que controle o cumprimento dos requisitos zosanitarios.

ANEXO III

1. Tratamentos para eliminar perigos zosanitarios específicos debidos á carne e ao leite

	Febre aftosa	Peste porcina clásica	Enfermidade vesicular porcina	Peste porcina africana	Peste bovina	Enfermidade de Newcastle	Influenza aviar	Peste dos pequenos ruminantes
Carne. Tratamento (*):								
a) Tratamento térmico nun recipiente hermético cuxo valor FO sexa igual ou superior a 3,00 (**)	+	+	+	+	+	+	+	+
b) Tratamento térmico a unha temperatura mínima de 70 °C que se deberá alcanzar en toda a carne	+	+	+	0	+	+	+	+
c) Tratamento térmico a unha temperatura mínima de 80 °C que se deberá alcanzar en toda a carne	+	+	+	+	+	+	+	+
b) Tratamento térmico nun recipiente hermético a unha temperatura mínima de 60 °C durante un mínimo de catro horas, durante as cales no centro do produto se deberá alcanzar unha temperatura mínima de 70 °C durante 30 minutos	+	+	+	+	+	-	-	+
e) Un tratamento consistente nunha fermentación natural e unha maduración durante un período non inferior a nove meses no caso da carne desosada, que presente as seguintes características: valor aW non superior a 0,93 ou un pH non superior a 6,0	+	+	+	+	+	0	0	0
f) O mesmo tratamento que na alínea e), aínda que a carne pode ter óso (*)	+	+	+	0	0	0	0	0
g) Elaboración de embutido de acordo cos criterios que establece a Comisión Europea, logo de ditame do comité científico apropiado	+	+	+	0	+	0	0	0
h) Xamóns e lombos que se sometesen a un tratamento consistente nunha fermentación e maduración naturais cuxa duración sexa de, polo menos, 190 días no caso dos xamóns e de 140 días no dos lombos	0	0	0	+	0	0	0	0
i) Un tratamento térmico que garanta que se alcanza unha temperatura central de polo menos 65 °C durante o espazo de tempo necesario para lograr un valor de pasteurización (vp) igual ou superior a 40	+	0	0	0	0	0	0	+
Leite e produtos lácteos (incluída a nata) destinados ao consumo humano:								
a) Temperatura ultra alta (UHT) (UHT = tratamento mínimo a 132 °C)	+	0	0	0	0	0	0	0

	Febre aftosa	Peste porcina clásica	Enfermidade vesicular porcina	Peste porcina africana	Peste bovina	Enfermidade de Newcastle	Influenza aviar	Peste dos pequenos ruminantes
b) Se o leite ten un pH inferior a 7,0 pasteurización simple de curta duración a alta temperatura (HTST).	+	0	0	0	0	0	0	0
c) Se o leite ten un pH igual ou superior a 7,0, dobre HTST	+	0	0	0	0	0	0	0

+: Eficacia recoñecida.
0: Eficacia non recoñecida.

(*) Deberanse tomar todas as medidas necesarias para evitar a contaminación cruzada.

(**) F0 é o efecto letal calculado sobre as esporas bacterianas. Un valor F0 igual a 3,00 significa que o punto máis frío do produto foi tratado o suficiente para alcanzar un efecto letal equivalente ao de 121 °C (250 F) en tres minutos con queamento e arrefriamento instantáneos.

ANEXO IV

Principios xerais de certificación

1. O representante da autoridade competente de expedición que emita un certificado de acompañamento dun envío de produtos de orixe animal deberá asinar ese certificado e asegurarse de que leva un selo oficial. Este requisito aplicarase a cada unha das follas do certificado, se tivese máis dunha.

2. Os certificados deberán estar redactados, polo menos, en castelán cando a inspección fronteiriza se realice en España, ou cando España sexa o Estado de destino, ou ben deberán ir acompañados dunha tradución certificada para o castelán.

3. A versión orixinal do certificado deberá acompañar os envíos ao entrar no territorio nacional.

4. Os certificados deberán ter unha das tres formas seguintes:

- Unha folla única de papel.
- Dúas ou máis páxinas que formen parte dunha folla de papel única e indivisible.
- Ou unha secuencia de páxinas numeradas indicando que cada unha delas é unha páxina concreta dunha serie determinada (por exemplo, «páxina 2 de 4»).

5. Os certificados deberán levar un número de identificación único. Se o certificado consta dunha secuencia de páxinas, o dito número deberá aparecer en cada unha das páxinas.

6. O certificado deberase expedir antes de que o envío a que corresponde saia do control da autoridade competente do país de expedición.

desenvolvemento por vía regulamentaria. Para estes efectos, procedeuse á elaboración do regulamento de execución da lei, ordenándoo en seis títulos e tres disposicións adicionais.

Este real decreto e o regulamento executivo que aproba dítanse ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista polo artigo 149.1.9. da Constitución.

O título I regula pormenorizadamente os documentos que integran a solicitude e as informacións e datos que, de acordo co previsto na lei, se deben subministrar co obxecto de identificar perfectamente os titulares e os seus representantes e definir os elementos constitutivos do dereito solicitado, tanto cronoloxicamente —data de presentación e prioridades— como materialmente, mediante a representación gráfica do deseño e, con carácter opcional, a súa descrición explicativa. Especial atención se presta no anexo a que se remite o artigo 4 aos requisitos da representación gráfica ou fotográfica do deseño que se pretende protexer, pola súa importancia para delimitar con precisión e exactitude o obxecto do dereito, tendo en conta que o deseño se define pola novidade e singularidade das súas características de aparencia. Tamén se atende, como é lóxico, ás características técnicas e á súa presentación estandarizada para permitir un tratamento homoxéneo dos expedientes e facilitar a súa informatización e publicación, tendo en conta, ademais, que se prevén solicitudes múltiples. A experiencia demostra que a forma máis eficaz para facilitar o labor do solicitante e ordenar e racionalizar o traballo da Oficina Española de Patentes e Marcas é, ata onde sexa posible, ordenar eses datos en impresos normalizados que poderán ser utilizados para presentar as solicitudes, e dispoñer sistemas comúns de numeración e datación das solicitudes de rexistros polos órganos encargados de recibilas.

O título II desenvolve o procedemento de rexistro, e divídese en tres capítulos.

O capítulo I regula as actuacións correspondentes a momentos da tramitación que resultan separables do exame de fondo, previamente á concesión do rexistro, como son a recepción das solicitudes, a asignación de data de presentación e o exame de forma, que realizarán os órganos competentes (comunidades autónomas que asumisen efectivamente estas competencias e creasen os órganos para aplicalas) previstos no artigo 20 da Lei 20/2003, do 7 de xullo. O exame dos requisitos mínimos para asignar data de presentación e o exame dos requisitos formais pódense realizar sucesivamente ou nun único acto, comunicándose ao solicitante nunha mesma notificación. Prevease que as irregularidades que afecten os requisitos formais exixidos para publicar a reprodución gráfica do deseño se lle comuniquen ao solicitante, pero a súa falta de emenda non afectará a continuación do procedemento cando se trate de solicitudes para as cales se

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

17826 REAL DECRETO 1937/2004, do 27 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial. («BOE» 250, do 16-10-2004.)

A Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, na súa disposición derradeira segunda, autoriza o Consello de Ministros a ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación. Son tamén moitos os artigos da citada lei que prevén o seu